

A Transición.

A partir dos documentos que seguen debes compoñer un texto sobre a transición política á democracia. Tras a morte de Franco, iníciase definitivamente os cambios coa designación de Adolfo Suárez como Presidente do Goberno (Doc.1). A Lei para a Reforma Política (D. 2) confirma a opción reformista adoptada pola transición e permite á UCD liderada por Suarez levar a cabo un programa de goberno (D.3) que, contando no esencial co consenso das demais forzas políticas, culminaría coa promulgación da Constitución en 1978 (D.4). Fracasado o intento de golpe de Estado de febreiro (D.5), a victoria socialista nas eleccións de 1982 (D.6) abriría unha nova etapa política.

Doc.1.- Tras ser designado Presidente do Goberno polo Rei, Adolfo Suárez diríxese ó país (6 de Xullo de 1976):

“ A meta última é moi concreta: que os gobernos do futuro sexan o resultado da libre vontade da maioría dos españois, e para elo solicito a colaboración de tódalas forzas sociais(...)

A Coroa ten a vontade expresa de acadar unha democracia moderna para España, unha democracia na que a liberdade, a xustiza, a participación, a paz e a cultura sexan o froito do esforzo de todos e o resultado do que todos se benefician”.

Doc.2.- Lei para a Reforma Política, aprobada polas Cortes o 18 de Novembro de 1976:

“ Art.1º. 1.A democracia no Estado español baséase na supremacía da lei, expresión da vontade soberana do pobo.

2. A potestade de elaborar e aprobar as leis reside nas Cortes. O Rei sanciona e promulga as leis

Art. 2º. 1.As Cortes compóñense do Congreso de Deputados e do Senado.

2. Os Deputados do Congreso serán elixidos por sufraxio universal, directo e segredo dos españois maiores de idade.

3. Os senadores serán elixidos en representación das entidades territoriais. O Rei poderá designar para cada lexislatura senadores en número non superior á quinta parte dos elixidos”.

Doc. 3.- Na campaña para as eleccións de Xuño de 1977. o candidato de UCD, Adolfo Suárez, pronuncia o seguinte discurso:

“ Prometimos devolver a soberanía ó pobo español, e pasado mañá exercea.

Prometimos normalizar a nosa vida política, xestionar a transición en paz, construír a democracia desde a legalidade, e cremos que, coas lóxicas deficiencias, conseguímolos.

Prometimos que tódalas familias políticas puideran ter un lugar nas Cortes, e o mércores podeno lograr.(...)

Podo prometer, e prometo, intentar elaborar unha Constitución en colaboración con tódolos grupos representativos nas Cortes, calesquera que sexa o seu número de escanos (...). Podo prometer, e prometo (...), adicar tódolos esforzos a lograr un entendemento social que permita fixar as novas liñas básicas que a seguir a economía española nos próximos anos. Podo prometer, e prometo, un marco legal para institucionalizar cada rexión según as súas propias características”.

Doc.4.- Constitución de 1978:

“ Art.1.1.- España constitúese nun Estado social e democrático de Dereito, que propugna como valores superiores de ordeamento xurídico a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político.

1.2.- A soberanía nacional reside no pobo español, do que emanan os poderes do Estado.

1.3.- A forma política do Estado español é a monarquía parlamentaria

Art. 2.- A Constitución fundaméntase na indisoluble unidade da nación española, patria común e indivisible de tódolos españois, e reconece e garante o dereito á autonomía das nacionalidades e rexións que a integran e a solidariedade entre todas elas.

Art. 3.1.- o castelán é a lingua española oficial do Estado.

3.2.- As outras linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades Autónomas de acordo cos seus Estatutos (...).

Art. 6.- os partidos políticos expresan o pluralismo político, concorren á formación e manifestación da vontade popular e son instrumento fundamental para a participación política”.

Doc..5.- O Coronel Tejero asalta o Congreso . 23-F-1981



Doc..6.- Resultados das eleccións xerais de 1982

PARTIDOS	ESCANOS
PSOE	202
AP-PDP	106
UCD	12
CIU	12
PNV	8
PCE	5
OUTROS	5

A Transición (1975-1982) é o proceso polo que España pasou dunha dictadura a unha democracia. Comezou coa morte de Franco (20 de Novembro de 1975) e a proclamación de D. Juan Carlos coma Rei de España, e pode dicirse que finalizou coa victoria electoral do PSOE en Outubro de 1982.

A democracia estableceuse sen unha ruptura coa dictadura, que foi desmantelada dende as propias institucións franquistas. O cambio foi pacífico e resultado dun pacto entre as forzas políticas franquistas- o Rei e os aperturistas- e da oposición democrática –os liberais e a esquerda-, que abandonou as súas propostas máis radicais. Os inmovilistas do franquismo, o chamado “búnker” e a extrema esquerda estiveron en contra, pero a mobilización da cidadanía presionou moito para que se producisen certos cambios. O proceso coincidiu coa crise económica mundial do petróleo.

Nos últimos anos da dictadura , Franco puxera como Xefe de Goberno a Carlos Arias Navarro. Cando Juan Carlos é proclamado Rei (22 de Novembro de 1975), según o establecido pola Lei Orgánica do Estado, xurou lealdade ante as Cortes ós principios do Movemento Nacional e ás Leis Fundamentais, mais no seu discurso fixo un chamamento á concordia e deixou entrever a súa vontade democrática utilizando as canles legais da dictadura, mantén como Presidente do Goberno a Arias Navarro pero este foi incapaz de realizar a reforma política; só era partidario de reformas limitadas, como o asociacionismo político, o que pareceu demasiado ó “búnker”. Mentres, aumentaba a axitación social con folgas e manifestacións que a policía franquista reprimía con brutalidade xa que non existían aínda dereitos de reunión e asociación, como en **Victoria** e en **Montejurra** (Navarra). A oposición democrática, organizada na chamada “Plataxunta” pedía amnistía xeral para os presos políticos, a legalización de tódolos partidos e sindicatos, liberdades, autonomía para as nacionalidades históricas e eleccións libres.

Presionado polo Rei, Arias Navarro dimite. O monarca coloca ó seu antigo profesor de Dereito, Torcuato Fernández Miranda, como Presidente das Cortes e nomea como Xefe de Goberno a Adolfo Suárez, xove falanxista que era Secretario Xeral do Movemento e estivera á fronte de Radio-televisión española. A oposición consideráballe un político franquista e tampouco gostaba ós franquistas duros. Unha vez designado, Suárez diríxese á poboación española – **Doc.. 1-** cun discurso no que queda claro o seu desexo de que os gobernos futuros sexan elixidos polo pobo, pide a colaboración de tódalas forzas sociais, e deixa patente que a Coroa está implicada en camiñar pola vía reformista cara a democracia.

Na primeira etapa do goberno Suárez (Xullo do 76-Xuño do 77), este formou un gabinete con políticos novos de talante reformista, concedeu unha amnistía parcial e realizou a Lei para a Reforma política, ideada por Fernández Miranda e peza clave para pasar legalmente da dictadura á democracia, propuña a creación dunhas Cortes novas, bicamerais (Congreso e Senado) elixidas por sufraxio universal, agás unha quinta parte do Senado, nomeada polo Rei. Un fragmento desta Lei témola no **Doc..2**. Esta Lei para a Reforma política foi finalmente aprobada polas Cortes franquistas e refrendada polo pobo cun 94% dos votos; a oposición recomendará a abstención por considerala insuficiente e porque aseguraba a monarquía, de tódolos xeitos as circunstancias daquel momento deixaban en evidencia que as posturas de “ruptura” total co pasado non tiñan posibilidades de saír adiante e as de “reforma” se ían impondo cada vez máis. Despois de aprobada esta lei convócanse eleccións para Cortes constituíntes en Xuño de 1977.

O terrorismo incrementárase, por unha banda ETA e os **GRAPO**, por outra a extrema dereita que realizou unha matanza de avogados laboristas, ligados ó PCE, na rúa Átocha.

Suárez pretende o apoio ás súas reformas por parte da oposición democrática; entrevístase cos líderes do PSOE e PCE (aínda ilegais), Felipe Gonzáles e Santiago Carrillo. O primeiro foi legalizado en decembro do 76 e o PCE en Abril de 1977, despois da vaga de solidariedade que houbera polos sucesos de Átocha, o PC renuncia ó uso da bandeira republicana e comprométese a acatar a monarquía. Entre os militares, as protestas xeneralízanse e son moitos os que dimiten.

O seguinte paso vai ser a celebración de eleccións en xuño de 1977, as primeiras democráticas dende 1936. Preséntanse numerosos partidos(111) , foron legalizados 78. Vence a UCD, unha coalición de partidos que reunía ós reformistas franquistas (socialdemócratas, liberais e democristianos, estaba liderado por Suárez (34%), o segundo máis votado sería o PSOE (29%), AP partido de dereitas fundado por Fraga sacou o 8%; en Cataluña gañaron os nacionalistas de CIU e no País Vasco o PNV. A esquerda radical non quitou representación nen tampouco o franquismo duro e antidemocrático. No **Doc..3.**, Suárez, candidato pola UCD, promete na súa campaña electoral: unha legalidade para construír unha democracia normalizando así a vida política española, unha representación nas Cortes para tódolos partidos políticos que consigan escanos, unha Constitución na que colaboren tódolos grupos políticos representados en Cortes, un marco legal para o recoñecemento das características propias das rexións, e dun consenso social para facer fronte á crise económica.

Tras estas eleccións comeza a segunda etapa de Suárez (1977-79). A UCD intentou gobernar en solitario establecendo pactos con outras forzas políticas –o chamado “consenso”, para afrontar os principais problemas: a crise económica, a Constitución, os atentados terroristas de esquerda e de dereitas, que tiñan por obxectivo desestabilizar a democracia e conseguir un golpe militar.

Así fírmase os Pactos da Moncloa (Gobierno, Sindicatos, partidos da oposición, empresarios), acádanse acordos económicos básicos que conseguirán reducir o déficit exterior e baixar a inflación. O Gobierno configurou 13 preautonomías, é dicir unha autonomía provisional ás rexións cuíos representantes parlamentarios o solicitasen; a primeira foi a catalana, volve do exilio o seu Presidente Joseph Tarradellas. No País Vasco restablécese o Consello Xeral Vasco, e en Galicia establécese unha Xunta de Galicia.

Para un novo modelo de Estado foi necesaria a elaboración dunha Constitución, resultado do consenso entre casi tódolos partidos con fuerte representación parlamentaria. Foi redactado o anteproxecto por unha ponencia de sete membros(3 de UCD, 1 do PSOE, 1 de AP, 1 de PCE_PSUC, 1 de CDC (cetro democrático catalán). Algúns artigos están referidos no Doc..4. Para lograr o consenso o texto é detallado, extenso e algo ambiguo. Recoñécese España coma un Estado social e democrático de Dereito, é dicir para todo o pobo, baseada na liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político; recoñece a soberanía popular. A forma do Estado é a monarquía parlamentaria. O monarca é o Xefe do Estado, pero o seu poder está moi limitado: reina, pero non goberna. Establécese a división de poderes, Cortes bicamerais (Congreso e Senado), elixidas por sufraxio universal. España defínese como unha unidade nacional pero garantízase o dereito á autonomía das nacionalidades e rexións que a integran, con amplías competencias e gobernos propios (situación intermedia entre a descentralización administrativa e o federalismo). O castelán é a lingua oficial, pero son cooficiais as linguas propias das autonomías dentro do seu ámbito territorial. O Estado é non confesional, pero establece relacións de coperación coa Igrexa católica. Recoñece amplios dereitos e liberdades : á vida (abolición da pena de morte), á liberdade ideolóxica, de expresión, de reunión, de manifestación, de sindicación, á folga.... etc.....: Inclúe numerosos dereitos de carácter social e económico: á integridade, ó pleno emprego, á educación, á Seguridade Social, á propiedade privada, á protección do medio... etc.....

Aprobada a Constitución, convócanse novas eleccións para marzo de 1979, que volveu gañar UCD, pero agora en minoría. É neste momento cando se desenvolve o Estado das Autonomías contemplado na Constitución. Establécense dous graos de autonomía. O procedemento máis rápido para acceder a ela era o previsto no artigo 151, deseñado para as nacionalidades históricas (Cataluña, País Vasco e Galicia) e incluso outras se cumprían determinados requisitos e se ratificaba en referendun. O resto accedería polo artigo 143, con excepción de Navarra debido ó seu sistema foral.

Os primeiros estatutos en aprobarse foron o catalán e o vasco en 1979, logo Galicia e Andalucía en 1980 e logo os demais ata 17.

Tamén son deste momento o “ Estatuto dos traballadores e a Lei de Divorcio.

España entra na OTAN coa forte oposición de esquerda; o PSOE comprométese a facer un referendun sobre a permanencia nesta Alianza militar cando chegue ó poder, cando esto sucede cambiará o seu voto polo sí. Este mesmo partido renuncia á ideoloxía marxista tras un Congreso extraordinario do Partido; o PCE sofre unha crise interna da que se resintirá ; AP refórzase coa incorporación de políticos procedentes da decaída UCD, o seu líder, Suárez empeza a recibir fortes críticas dos baróns do seu propio partido, escindido en dous grupos, liberais e socialdemócratas no centro esquerda, democristiáns e conservadores na ala dereita, isto máis as consecuencias sociais da crise económica , o descontento e a presión dos militares etc. farán que Suárez presente a súa dimisión. A UCD elixe como sucesor a Calvo Sotelo. O día da investidura (23 F de 1981) produciuse un intento de golpe de Estado do Tenente Coronel da Garde Civil, Tejero; en Valencia os golpistas chegarán a sacar os tanques á rúa. A falta de apoio ó golpe por parte dos altos mandos militares e a clara postura en contra do Rei, evitaron o triunfo do golpe. Sobre este sucesos da conta a fotografía presentado como **Doc..4**. A poboación española non estaba disposta a volver atrás e desexaba fortemente a paz social

Calvo Sotelo non puido deter a descomposición interna da UCD. Nas eleccións xerais do ano 1982 gañou por maioría absoluta o PSOE; durante a etapa dos gobernos socialistas España entrará na CEE e permanecerá na OTAN. O **Doc..5** fala precisamente destes resultados, como vemos a segunda forza votada foi AP, adonde foron a parar, como xa dixemos, moitos membros da UCD, mentres outros foron parar ó PSOE. Como podemos observar a UCD é totalmente derrotada con tan só 12 escaños. Este cambio de goberno é o punto final da etapa da transición democrática en España. A dereita regresará ó poder en 1992 co triunfo do PP

Notas aclaratorias:

Tejero: era un militar de ultradereita. Xunto ó capitán Saéz de Ynestrillas, xa protagonizara un complot golpista en 1978, chamouse “Operación Galaxia”, polo nome da cafetería madrileña donde se xuntaban. Planeaban secuestrar o Goberno durante un Consello de Ministros e substituílos por unha Xunta Militar. Foron descubertos polo CESID, detidos e condeados a leves penas de cárcere.

No 23 F. Tamén participou o Xeneral Alfonso Armada, antigo preceptor do Rei, que confiaba con ter a aceptación deste e ser nomeado Presidente do Goberno. Outro dos implicados era o Xeneral Miláns del Boch que foi o que sacou os tanques , en Valencia. A postura en contra do Rei (recordade a do seu avó , Alfonso XII, con respecto a Primo de Rivera) frustou o golpe militar.

Entre Febreiro e Xuño de 1982 tivo lugar un Consello de guerra contra os principais implicados. As penas foron moi leves e o goberno recurriu a sentenza. O Tribunal Supremo aumentou as penas.

Sucesos de Vitoria: houbo 5 traballadores mortos durante unha manifestación, no contexto dunha folga xeral.

Montejurra (Navarra): enfrontáronse os carlistas tradicionalistas cos partidarios do pretendente Carlos Hugo de Borbón, de tendencia socialista. Houbo dous mortos

Pactos da Moncloa: incluían acordos económicos (reforma fiscal, reducir a inflación, o desemprego, o déficit exterior, control dos salarios) e de carácter político e social (liberdade de expresión, funcións dos sindicatos, unha nova política educativa e de vivenda, reforma da Seguridade Social e da lexislación laboral, control democrático dos medios de comunicación do Estado e outros)

GRAPO: Grupos de Resistencia Antifascista Primero de Outubro, de extrema esquerda, secuestraron ó Presidente do Consello de Estado e outras personalidades

Os pais da Constitución: Miguel Herrero de miñón, José Pedro Pérez LLorca e Gabriel Cisneros, por UCD; Manuel Fraga por AP; Miguel Roca por CDC; Grgorio Peces Barba, por el PSOE e Jordi Sole Tura , por el PC_PSUC